

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Anuncio de convocatoria e bases de capataz recollida e transporte residuos sólidos urbanos*

Por Decreto de Alcaldía nº 1600/2022 de data nove de maio de dous mil vinte e dous, apróbanse a convocatoria e as bases para a provisión en propiedade, a través do procedemento de CONCURSO-OPOSICIÓN de unha praza de persoal laboral indefinido fixo de CAPATAZ DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) do Concello de Arteixo, que de seguido se expoñen:

#### **CONVOCATORIA E BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA ACCESO EN PROPIEDAD, PERSOAL LABORAL INDEFINIDO FIXO DUNHA PRAZA DE CAPATAZ DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU), POLO PROCEDEMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN (OEP 2019)**

##### **PRIMEIRA: OBXECTO DAS PRESENTES BASES**

É obxecto da presente a aprobación da Convocatoria e regulación das Bases que rexerán no proceso selectivo para a acceso en propiedade, persoal laboral indefinido fixo, dunha praza de Capataz do Servizo de RSU a través de procedemento de concurso-oposición, en execución da OEP 2019.

Son funcións propias do posto convocado a organización do persoal do servizo de transporte e recollida de RSU, asumindo a responsabilidade directa do persoal adscrito ao servizo baixo supervisión do persoal técnico e/ou político responsable, incluíndo utilización de EPI's e medidas de prevención, organización da rotación de quendas e estruturación cadrante do servizo, establecemento e/ou modificación de rutas de recollida e sendo tamén necesario, o desempeño de tarefas de condución do servizo en supostos de substitución urxente de condutores, por ausencia imprevisible dos mesmos que impliquen imposibilidade de substitución inmediata, así como calquera outra propia da categoría profesional e do posto segundo o Catálogo de postos e RPT en vigor.

As retribucións do/a posto de Capataz do servizo de RSU correspondente coa praza convocada son as establecidas no Orzamento municipal en vigor, 28.962,90 € en cómputo anual.

A xornada laboral será de 37'5 horas semanais en cómputo anual de luns a sábados, en turnos rotatorios de mañá, tarde, noite segundo organización do servizo, cos descansos establecidos legalmente.

##### **SEGUNDA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES: TITULACIÓN e outros**

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias-solicitudes:

- Ser español/a ou nacional doutros Estados nos termos previstos nos art. 57, do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de Graduado en ESO ou titulación equivalente, correspondente ao grupo profesional IV do Convenio de persoal laboral do Concello de Arteixo.
- Estar en posesión do carné de conducir C e certificado de aptitude profesional (CAP).
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto referidas na Base primeira das presentes. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes Bases). As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, facéndoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da Instancia adxunta as presentes Bases).

**TERCEIRA: INSTANCIAS.**

a. As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse á Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentándose no REXISTRO XERAL do mesmo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE**, toda vez se teñan publicados a convocatoria e Bases reguladoras no BOP de A Coruña, anuncio de convocatoria no DOGA e demais publicacións complementarias (web municipal, sede electrónica)

b. A instancia (Anexo I) irá inescusablemente acompañada da seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

DNI (no seu defecto, resguardo do DNI, pasaporte ou carné de conducir).

titulación requirida para o acceso ao posto

carné de conducir C e CAP

Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 2º e) e f) ou, no seu caso, declaración contida no Modelo de Instancia adxunto as presentes Bases.

CURRICULO AUTOBAREMADO segundo Modelo adxunto a estas Bases, xunto con tódolos documentos xustificativos dos méritos alegados conforme ao baremo que figura na convocatoria. A falta de Currículo e/ou de documentación acreditativa dos méritos alegados, determinará a imposibilidade de valoración dos mesmos, outorgándose 0 puntos neste concurso.

Fotocopia do título de Celga III ou equivalente aos efectos de exención de realización do exame de lingua galega

Taxas de dereitos de exame. As taxas de dereitos de exame establécense en 14,34 €. O pago de taxa de dereitos de exame, poderá realizarse presencial ou telematicamente a través da web municipal ([www.arteiro.org//servicios economicos//Cidadanía//Oficina virtual tributaria/realizar pago on line/Taxas](http://www.arteiro.org//servicios economicos//Cidadanía//Oficina virtual tributaria/realizar pago on line/Taxas)). Para o pago telemático precisará un número de recibo que deberá ser facilitado polo Dpto de Rendas). En calquera caso, para instrucións de pago de taxas, recoméndase remitir email ao Dpto. de Rendas municipal ([rendas@arteixo.org](mailto:rendas@arteixo.org) ou poñerse en contacto telefonicamente co mesmo (981-600009. extensión 4029, 4030 e 4031).

De conformidade ao establecido pola ordenanza fiscal núm. 11 do Concello de Arteixo quedan exentos da taxa de exame, os/as aspirantes que acrediten paro de longa duración co correspondente Certificado do SEPEG ou persoas con diversidade funcional superior ao 33%.

**CUARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

4.1. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía-Presidencia, aprobará unha listaxe provisional. Nesta listaxe provisional aparecerán tamén os/as aspirantes excluídos/as, con indicación dos motivos de exclusión, e serán publicadas no BOP de A Coruña e no taboleiro de edictos da Casa do Concello e complementariamente na web municipal, determinándose na mesma a apertura dun prazo de 10 días hábiles de subsanación/emenda da documentación.

Perante o prazo de 10 días hábiles indicados, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, poderanse corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presentala solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, o/ a aspirante provisionalmente excluído/a decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

4.2. Se non se presentasen reclamacións á lista provisional, este poderase elevar a definitiva.

No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva dos admitidos e excluídos, a cal ditarase coa maior brevidade posible e se fará pública na mesma forma exposta con anterioridade.

4.3.- Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluírase da mesma previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

**QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR**

5.1. No Decreto da Alcaldía de aprobación da listaxe provisional, determinarase a composición do tribunal cualificador, con titulares e suplentes, aos efectos dos supostos de abstención/recusación dos membros designados.

5.2. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do Texto Refundido da Lei 7/2007 do Estatuto do Empregado Público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller e estará composto do seguinte xeito:

Presidente/a: Persoal funcionario ou laboral do Corpo técnico do Concello de Arteixo ou doutra administración local. (titular e suplente)

Secretaria/o, quen actuará con voz e voto: Secretario Xeral do Concello de Arteixo ou funcionario/a en quen delegue. (titular e suplente)

Vogais: Tres vogais, sendo funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Arteixo ou doutra administración local. (titular e suplente)

Todos os membros do tribunal, titulares e suplentes, deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, sendo preceptiva a asistencia do Presidente e do Secretario, titular ou suplente.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde da selección en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

O Tribunal poderá dispoñer da incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

5.3 Na Resolución de aprobación da listaxe definitiva entenderanse resoltas (estimadas/desestimadas) as solicitudes de emenda/subsanación, así como recusación/abstención dos membros da Tribunal de valoración, de ser o caso.

## **SEXTA: PROCESO SELECTIVO POR PROCEDEMENTO DE CONCURSO OPOSICIÓN**

A fase de oposición, de carácter eliminatorio será previa á fase de concurso, de forma que unicamente os/as aspirantes aptos nesa Oposición, pasarán ao concurso.

### **6.1 FASE DE OPOSICIÓN (60% do proceso selectivo. Eliminatorio)**

A fase de oposición (puntuación máxima total 60 puntos) consistirá na realización dos seguintes exercicios.

#### **1º EXERCICIO: EXAME TEÓRICO (Obrigatorio e non eliminatorio) máximo 20 puntos.**

O primeiro exercicio consistirá nun exame tipo test, de 50 preguntas (mais 10 preguntas de reserva) con 4 respostas alternativas, preparadas con carácter previo polo Tribunal e relacionadas co temario anexo á presente convocatoria (Anexo II)

A cualificación máxima deste exercicio é de 20 puntos, e cada resposta correcta puntuará 0,40 puntos, cada resposta errada restará 0,20 puntos e as respostas non contestadas (en branco) non descontan.

A duración máxima para a realización deste exercicio será dunha hora (60 min), podendo o Tribunal determinar tempos inferiores se así o estima conveniente.

#### **2º EXERCICIO: EXAME PRÁCTICO: PROBA DE CAPACITACIÓN (Obrigatorio e eliminatorio) máximo 40 puntos**

Consistirá na realización dunha proba de capacitación relacionada coas funcións e nivel de dificultade propias da praza convocada e/ou co anexo das presentes bases reguladoras. Neste exercicio os/as aspirantes desenvolverán unha ou varias probas de capacitación expostas polo Tribunal (podendo incluso realizarse en varias xornadas). A duración do exercicio non superará as tres horas no suposto dunha única proba de capacitación nunha xornada e, de 6 horas en total, no suposto de realización de dúas probas na mesma ou distinta xornada.

A puntuación máxima deste exercicio é de 40 puntos, sendo necesario acadar 20 puntos para o superar. Os criterios de realización e cualificación da proba/s serán determinados polo Tribunal previamente á realización do exercicio poñendo igualmente con carácter previo en coñecemento dos/as aspirantes.

#### **3º EXERCICIO: EXAME DE LINGUA GALEGA: (Obrigatorio e eliminatorio) Cualificarase como Apto/Non apto:**

A proba de coñecemento da lingua galega consistirá nunha tradución escrita dun texto en lingua castelá á lingua galega, durante un tempo máximo de 30 minutos. O texto a traducir terá un máximo de 100 palabras e considerárase non apto

a quen cometa 10 erros (de tradución, de gramática e/ou de acentuación). Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico.

Deberan realizar esta proba aqueles/as aspirantes que non presenten o certificado no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate, de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego CELGA III esixido, expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin (iniciación ou equivalente). Os/as aspirantes que acrediten a posesión do referido título estarán exentos da realización desta proba, considerándose neste caso directamente como APTO.

Os/as aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA III ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

A puntuación total de cada aspirante na fase de oposición, será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios aptos e será exposta no taboleiro de edictos do Casa Consistorial e complementariamente na web municipal, outorgándose no antedito anuncio o prazo de posibles alegacións, sen prexuízo dos prazos legalmente procedentes para interposición de recurso de alzada ou calquera outro que as/os aspirantes consideren procedente en defensa dos seus intereses.

## 6.2: FASE DE CONCURSO (40% puntuación máximo 40 puntos)

Os/as aspirantes Aptos na Fase de oposición, pasarán á fase de concurso de méritos.

Os méritos a que se fai referencia neste baremo de concurso deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.

Se algún/ha aspirante non achega o Currículo autobaremo (Anexo III) segundo o esquema do Baremo contido nestas Bases ou non acredita debidamente os méritos de conformidade ao establecido nestas Bases, cualificarase con 0 puntos.

### A. EXPERIENCIA PROFESIONAL: ate un máximo de 25 puntos

As puntuacións de ambos epígrafes son independentes e non se poderá superar o máximo de 25 puntos do apartado de experiencia profesional aínda que se acaden os máximos en cada subapartado.

#### 1 SERVICIOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A. Por **experiencia profesional** no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha **administración pública** nunha praza de capataz / encargado de equipo especificamente en servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (lixo): 0,50 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

B. Por **experiencia profesional** no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha **administración pública** nunha praza de capataz / encargado de equipo noutros servizos referidos a obras/servizos: 0,30 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

C. Por **experiencia profesional** no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha **administración pública** nunha praza de condutor/a especificamente en servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (lixo): 0,25 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

#### 2. SERVICIOS PRESTADOS EN EMPRESAS PRIVADAS

A. Por **experiencia profesional** no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha **empresa privada** nunha praza de capataz / encargado de equipo especificamente en servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (lixo): 0,40 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

B. Por **experiencia profesional** no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha **empresa privada** nunha praza de capataz / encargado de equipo noutros servizos referidos a obras/servizos: 0,20 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

C. Por **experiencia profesional** no desenvolvemento de tarefas ó servizo dunha **empresa privada** nunha praza de condutor/a especificamente en servizos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (lixo): 0,15 puntos por mes completo de servizos ou fracción superior a 20 días, a xornada completa, ata un máximo de 10 puntos. Os contratos/nomeamentos a xornada parcial puntuaranse proporcionalmente.

**B. MÉRITOS ACADÉMICOS: FORMACIÓN: ate un máximo de 15 puntos**

1) Por titulación de nivel superior ao requisito de acceso de cualificación profesional relacionada coas funcións do posto de Capataz de RSU:

- Formación profesional grao medio: 5 puntos. Grao superior: 7 puntos (nas ramas de mecánica, electricidade e análogas) (Unicamente valorarase o título de maior puntuación).

2) Por cursos e accións formativas impartidas por centros homologados, Deputación, Xunta, Concellos, Universidades, sindicatos e análogos axentes formativos acreditados:

2.1 Por cursos **directamente relacionados** coas funcións propias de capataz e/ou directamente relacionadas co servizo de RSU impartidos pola Administración pública, universidades, Inem, Sindicatos e axentes formadores homologados para a impartición de cursos en Plans unitarios, Formación continua do AFCA (Acordo de formación continua para as Administracións Públicas) ou formación ocupacional especificamente relacionada 0,50 puntos por cada 20 horas acumuladas, ata un máximo de 10 puntos.

2.2 Por cursos e accións formativas relativas a **Prevención de riscos laborais**:

Curso básico de Prevención de riscos laborais: 1 punto

Curso superior de Prevención de riscos laborais: 2 puntos

Por outros cursos relativos a Prevención: 0,25 puntos por cada 20 horas acumuladas, ata un máximo de 10 puntos

2.3 Por **outra formación relacionada** coa Administración pública que non estea directamente relacionada coas funcións do posto, incluída a formación transversal relativa a igualdade de xénero e análogas, 0,25 puntos por cada 20 horas acumuladas, ate un máximo de 5 puntos.

2.4 Por coñecementos de **lingua galega** de nivel superior ao esixido para exención do exame de galego:

- Nivel perfeccionamento ou Celga IV: 0,50 puntos

- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 0,75 puntos e nivel superior: 1 punto

(Unicamente se valorará o título de maior puntuación)

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, estes non serán valorados.

Non serán tidos en conta os módulos formativos, créditos lectivos nin asimilados correspondentes a titulacións oficiais de superior nivel ao convocado.

**SÉTIMA: LISTAXES DE CUALIFICACIÓNS FINAIS**

Elaborarase unha Listaxe coas cualificacións finais dos/as aspirantes, cualificación fase de oposición + cualificación fase de concurso, segundo orde de prelación de puntuacións totais. O tribunal elevará proposta de contratación a favor do/a aspirante con maior puntuación final deixando unha listaxe dos demais aspirantes conformando unha Bolsa para casos de renuncia, baixa voluntaria, rexeitamento ou situacións análogas.

7.2. No suposto de empate nas puntuacións finais, prevalecerá o/a aspirante que teña máis puntuación na fase de oposición. No suposto de non acadar desempate, prevalecerá a aspirante de xénero feminino, como medida de discriminación positiva dada a infrarrepresentación neste sector de actividade, no suposto de persistir o empate, prevalecerá o/a aspirante con maior puntuación no epígrafe de experiencia profesional. No suposto de persistir o empate, procederase segundo orde alfabética, comezando pola letra "A".

7.3. A proposta de listaxe de cualificacións finais será exposta no taboleiro de edictos e na web municipal (www.artaixo.org). No prazo de 3 días hábiles seguintes á publicación poderanse presentar reclamacións ou alegacións as mesmas.

7.4. Rematado o prazo de exposición referido, o Tribunal cualificador resolverá as reclamacións/alegacións presentadas elevando a proposta final de contratación á Alcaldía-Presidencia. No suposto de non existir alegacións/reclamacións, a proposta de listaxe de cualificacións elevarase automaticamente á Alcaldía-Presidencia para a súa aprobación.

Contra esta resolución definitiva, que esgotará a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición e/ou contencioso-administrativo, segundo o disposto na normativa vixente.

**OCTAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

8.1.- O/a aspirante seleccionada/o proposto a contratación presentar no Departamento de persoal do Concello de Arteixo, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente, no prazo legalmente establecido a contar dende o día hábil seguinte ao anuncio da proposta final de contratación:

- a) Copia autenticada ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria e mesmo do carné C e do CAP
- c) Declaración responsable de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

8.2.- Se no prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non podendo ser contratado/a o/a aspirante proposto/a e, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade dimanante da solicitude para participar nesta convocatoria, procederase a realizar oferta de contratación ao seguinte candidato/a segundo orde de prelación de puntuacións finais.

8.3 .- Os/as aspirantes que configuren a listaxe de substitucións poderán ser chamados para análogas prazas de Capataz neste servizo ou noutros municipais a criterio discrecional da Alcaldía Presidencia.

#### **NOVENA: INCIDENCIAS, LEXISLACION APLICABLE E RÉXIME DE RECURSOS**

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

A lexislación aplicable ao presente procedemento é a seguinte:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Texto refundido da Lei de igualdade das mulleres de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- RDLex 5/2015 do texto refundido do Estatuto do Empregado público
- Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.
- RDLex 2/2015 de 23 de outubro, do texto refundido do Estatuto dos traballadores.

Esta convocatoria e Bases reguladoras e cantos actos administrativos deriven da mesma, así coma as actuacións da Comisión avaliadora en interpretación e cumprimento do contido nelas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común e Lei 40/2015 de réxime xurídico do Sector Público.

## ANEXO I: MODELO INSTANCIA

D./Dona. .... con DNI núm: .....  
con enderezo..... C.P..... Localidade.....  
e teléfono de contacto..... e e-mail.....

**EXPÓN:**

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias para cobertura en propiedade de unha praza de CAPATAZ DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO

E declarando explicitamente cumprir os requisitos establecidos nas Bases reguladoras da convocatoria e, ase mesmo, declarando non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.

E efectuando pola presente **Declaración responsable da exactitude e veracidade** da copia da documentación que se aporta xunto á presente:

- 1- DNI.
- 2- titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta.
- 3.- Carné de conducir C e CAP
- 4- Currículo autobareado xunto coa documentación acreditativa dos méritos da fase de concurso (segundo Modelo adxunto Anexo III).
- 5.- Taxas de dereitos de exame ou acreditación de exención de pago.
- 6.- Acreditación da diversidade funcional non incapacitante para o posto, con solicitude de medidas de adaptación para realización dos exercicios da fase de oposición, de se-lo caso.

**Por todo o exposto SOLICITA:**

Sexa admitida esta Instancia para participar na convocatoria anteriormente referida.

Data, DNI e Sinatura do/a aspirante:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO Nº 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). Os seus datos serán utilizados para o trámites estritamente necesarios relacionados coa súa solicitude O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá suponer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas derivadas da súa solicitude e, os mesmos poderán ser publicados nas listaxes resolutivas de admitidos, no Boletín Oficial correspondente, taboleiro de edictos municipal e páxina web. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade na dirección PRAZA ALCALDE RAMON DOPICO, Nº 1-15142, ARTEIXO (A CORUÑA), aportando copia do seu DNI.

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

**ANEXO II: TEMARIO DA CONVOCATORIA**

- 1.- CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA. A COROA . OS DEREITOS E DEBERES DOS CIDADÁNS.
- 2.- ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO. O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA.
- 3.- O RÉXIME LOCAL: COMPETENCIAS E SERVIZOS DAS ENTIDADES LOCAIS. O ALCALDE. O PLENO. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS. AS XUNTAS DE GOBERNO.
- 4.- ESTRUCTURA E PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.
- 5.- RDLEX 5/2015 DO TEXTO REFUNDIDO DO ESTATUTO DO EMPREGADO PÚBLICO TIPOS DE EMPREGADOS PÚBLICOS. SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS. DEBERES E DEREITOS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS.
- 6.- ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE XESTIÓN DE RESIDUOS DO CONCELLO DE ARTEIXO (a disposición na web municipal: [www.arteixos.org](http://www.arteixos.org))
- 7.- LEI 22/2011 de 28 de XULLO DE RESIDUOS: DEFINICIÓNS, XERARQUÍA DE RESIDUOS E COMPETENCIAS DAS ENTIDADES LOCAIS.
- 8.- ORDENANZA MUNICIPAL Nº 46 DE XESTIÓN DE RESIDUOS DOMÉSTICOS DO CONCELLO DE ARTEIXO. (a disposición na web municipal: [www.arteixos.org](http://www.arteixos.org))
- 9.- NORMAS E PROCEDEMENTOS DE SEGURIDADE LABORAL NO EMPREGO DE VEHÍCULOS DE OBRAS PÚBLICAS (ART. 2 E ANEXO DO RD 487/1997 DE 14 DE ABRIL E ART.2 E ANEXO DO RD 773/1997 DE 30 DE MAIO).
- 10.- CARACTERÍSTICAS DO SISTEMA DE RECOLLIDA SELECTIVA DE 5 FRACCIÓNS DO MODELO DO CONCELLO DE ARTEIXO. TIPOLOXÍA MECÁNICA DE VEHÍCULOS E DIFERENZAS NO MÉTODO DE RECOLLIDA DA CARGA LATERAL E TRASEIRA.
- 11.- SEGURIDADE NA CONDUCIÓN. CONDUCIÓN EN NÚCLEOS URBANOS. CONDUCIÓN EN SITUACIÓNS METEREOLÓXICAS ADVERSAS.
- 12.- O MOTOR DIESEL: SISTEMA DE ALIMENTACIÓN E REFRIXERACIÓN. SISTEMA DE SUSPENSIÓN , DIRECCIÓN, TRANSMISIÓN E FRENADO.
- 13.- ELEMENTOS MECÁNICOS E HIDRÁULICOS ESPECIFICOS DUNHA CAIXA COMPACTADORA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.
- 14.- REQUISITOS DE MANTEMENTO E LIMPEZA DOS VEHÍCULOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.
- 15.- PARROQUIAS MUNICIPAIS, NÚCLEOS RURAIS E RUEIRO DO CONCELLO DE ARTEIXO (a disposición na web municipal: [www.arteixos.org](http://www.arteixos.org))



**Anexo III: Modelo de Currículo autobareado**

D/Dna..... con DNI..... optando á convocatoria para cobertura en propiedade (persoal laboral indefinido fixo) da praza de Capataz do Servizo de recollida e transporte de RSU, achega o presente xunto coa instancia de participación e documentación acreditativa dos méritos alegados.

**AUTOBAREMO:** (para autobaremar os seus méritos siga estritamente o establecido na base 6 das Bases reguladoras e verifique que achega a documentación acreditativa solicitada segundo as mesmas).

**A. EXPERIENCIA PROFESIONAL (Max. 25 puntos)**

Admón // Empresa	Posto de traballo Especifique Dpto/Servizo/área adscrición	(especifique 1.A, 1.B, 1.C, 2.A, 2.B, 2.C)	Datas inicio e remate	Nº meses	Grupo Cotización	puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

**PUNTUACIÓN APARTADO A (MÁXIMO 25 PUNTOS) ..... puntos**

**B. FORMACIÓN: ate un máximo de 15 puntos**

Apartado B.1 (titulación nivel superior)

Titulación	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

Apartado B.2.1 (formación directamente relacionada)

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

Apartado B.2.2 (prevención de riscos laborais)

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

Apartado B.2.3 (outra formación)

Entidade formadora	Título curso	Nº horas lectivas	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

Apartado 2.4 (lingua galega)

Entidade formadora	Titulación (especifique)	Puntos

(Engada tantas liñas como necesite)

PUNTUACIÓN APARTADO B (máximo 15 puntos): ..... puntos

TOTAL CURRÍCULO AUTOBAREMADO: PUNTUACIÓN A+B (máximo 40 puntos): ..... puntos

En ....., o día ..... de..... de ..... (data/mes/ano)

Sinatura do/a aspirante

Arteixo, a 12 de maio de 2022

Asinado: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente

2022/2712